Publicidad



# En cada cultura elas son as escravas

• *«Brillantísima obra teatral que non sendo perfecta, roza a excelencia»*

JOSÉ MARÍA DE LA VIÑA VARELA. 26 de octubre de 2015. Actualizado a las 14:25 h.

0 votos




FOTO: ANA GARCÍA. Un momento da estrea absoluta de «Los esclavos de mis esclavos»..



crítica Obra: «los esclavos de mis esclavos» compañía: producciones meridional (Madrid) representada: o sábado 24, no pazo carballés (estrea absoluta)

Nun día apagado, timidamente outonal, asistimos a esta peza teatral de notable confección. Nun espazo escénico nu e a escuras, unha luz vertical cae sobre un libro no chan. ¿O Corán, tal vez?. Ó mesmo tempo soa unha música rap, en lingua árabe. Simpática acollida. ¿Metáfora, acaso?: un tipo de música paradigmática da modernidade occidental, cantada ou interpretada na lingua de quen ostenta a dubidosa honra de ser unha cultura semellante á nosa Idade Media (Idade Escura), de radicalismo relixioso. Deste xeito sentamos nas butacas. Pero sigamos cos aspectos formais: a iluminación (estupenda) é practicamente constante, semellando o profundo dunha cova, supostamente nas montañas de Afganistán, a onde chega apenas algúns raios de luz solar, a través dunha reixa no teito.

A escenografía, e sinxela pero convincente: sensación opresiva dun cárcere sinistro. Montamos así nun tren que nos vai levar polos camiños da obra. Tres personaxes van aparecendo secuencialmente, amarrados por unha cadea ó chan. Dous homes e unha muller. A maiores, unha vez e máis outra, unha muller xorde, por momentos, totalmente mergullada nun burka de cor clara.

Comeza o espectáculo: a muller coa indumentaria mencionada e un preso encadeado, cantan algo que pouco a pouco aproxímase, ata expoñer a mesma melodía. Este curioso prólogo musical semella un avance dunha posible interpretación: ó final todos cantamos o mesmo. É rápido, rítmico e ata algo estridente; pero ó pouco vaise esvaecendo.

RELACIONADOS

Atresbandes y Meridional Producciones, prot del FIOT (http://www.lavozdegalicia.es/album/carbal meridional-producciones-protagonizaron-ter fiot/0110144586340209533 4605.htm)

TEMAS RELACIONADOS

(http://www.lavozdegalicia.es/temas/musica)
(http://www.lavozdegalicia.es/temas/afganistan)

Publicidad

MÁS NOTICIAS DE MÚSICA

«La Banda Municipal nada tiene que envidiar (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/corun municipal-envidiar-calidad-sinfonica/0003_

La reparación de la iglesia de Queixas reunió (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/music iglesia-queixas-reunio-272-vecinos/0003_20

¿Es este el grupo que adoran tus hijos? (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/music adoran-tus-hijos/00031445600285214103 13

«No discutimos, somos el matrimonio perfec (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/televis sergio-tores-discutimos-matrimonio-perfecto/00031445783125411429488.htm)

Panorama Kids escoge el auditorio de Vilagar iniciar su segunda gira (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/arous de-arousa/2015/10/25/panorama-kids-escog vilagarcia-iniciar-segunda-gira/0003_201510A25C5994.htm)

Os talibáns secuestraron a un cooperante. Leva tres meses alí. O seu monólogo ponnos en antecedentes. É rápido, moi rápido: gústame. Sobre o fondo aparece, en inglés, proxeccións luminosas que nos indican as semanas que van transcorrendo. Logo chega outro preso de maior rango; e por último, unha muller, asesora de seguridade. Este cárcere, é unha desculpa, unha cociña onde se preparan diferentes pratos sobre os sentimentos, a maneira de pensar de cada quen, o machismo... Ocorren cousas, e o medo saca á luz os temores internos, as crenzas, as personalidades de cada un, e a forma de entendela vida. Pouco a pouco vaise facendo un debuxo da situación, unha análise dos personaxes, e sobre todo a manifestación dun choque de culturas: a occidental e a islámica máis radical. Unha historia do ser humano enfrontado a situacións límite.

Diante dunha interpretación correcta, pero mellorable, a peza desenvólvese cun ritmo estupendo, que mantén a nosa atención. Mais, se cadra, o máis destacado desta representación, é o texto; o de-que-vai. Un tema que a medida que se vai desenvolvendo, fainos reflexionar. A muller é a pedra angular, a protagonista desta obra. ¿Quen é o escravo aquí? Sóbrannos palabras para criticar esa cultura que escraviza de tal xeito a esa muller, tapada co burka, que nos parece un cárcere andante, unha gaiola, ata que ela fala. E defende con argumentos esa, para nós, desprezable tea que a illa da mirada dos homes. Pero para ela é un espazo de liberdade. Da súa liberdade; a que ela goza cos seus, coa súa nai, por exemplo, co seu propio universo. Discurso soberbio que sorprende o noso pensar occidental, coa diáfana transparencia dos seus argumentos. Defendese, e eu diría que sae vitoriosa dese fantástico debate de culturas representado polas dúas mulleres: a vitimada (por nós) muller musulmá, e a que, ata hai pouco, tivo que defenderse dos comentarios machistas do compañeiro de cadea. Portentoso! ¿Quen é o escravo? En cada unha das dúas culturas, elas son as escravas. Dunha ou doutra maneira. Este sublime debate, representa o cumio da obra, a estrofa máxica da mesma: este diálogo de culturas, a través de dúas mulleres que remata nunha emocionantísima aperta entre elas dúas, que só son unha: a muller. Vista como se vista.

Brillantísima obra teatral que, aínda non sendo perfecta, roza a excelencia. Remexendo nas nosas entrañas, fainos cavilar, dubidar, deixando no aire o final, un final descoñecido, un futuro envolto en brétema.

Un sentido aplauso.

TEMAS RELACIONADOS

(http://www.lavozdegalicia.es/temas/musica)
(http://www.lavozdegalicia.es/temas/afganistan)

Publicidad

LO MÁS VISTO

1. ¿Qué hizo Amancio Ortega tras enterars
rico del mundo?
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/e
manana-arteixo-estuvo-trabajando-
dia/0003_201510G24P2992.htm)

2. Un hombre media en una pelea en Lugo
puñaladas
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/g
media-pelea-lugo-acaba-recibiendo-12-
punaladas/0003_201510G26P8992.htm

3. Valentino Rossi, simpático y «pericoloso
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/d
rossi-simpatico-pericoloso/0003_20151

4. El Estado Islámico asesina a uno de sus
con un tanque
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/i
islamico-asesina-prisioneros-siria-aplas
tanque/00031445780023707167860.ht

5. Un cirujano gallego recurre a la UE para
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/s
gallego-recurre-ue-poder-trabajar-
espana/0003_201510G26P24991.htm)

6. Wismichu enloqueció la Marina con su p
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/c
enloquecio-marina-peloton-fans/0003_

7. Más de 70.000 gallegos afectados por el
del Imserso
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/g
hoteles-gallegos-retraso-viajes-imserso/

8. Marc Márquez: «Rossi ha perdido mi re
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/d
marquez-rossi-perdido-respeto/000314

9. Rossi tiró a Marc Márquez en una carrer
Pedrosa
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/d
pedrosa-gana-carrera-motogp-rossi-tiro
marquez/00031445760593912495494.h

10. Podemos, de la ilusión al «nasty party»
(http://www.lavozdegalicia.es/noticia/g
ilusion-nasty-party/0003_201510G26P

Publicidad

COMENTARIOS

0 comentarios

Correo electrónico:

correo

Contraseña: (no recuerdo mi contraseña)

contraseña

Recordarme en este equipo

ENTRAR

¿POR QUÉ REGISTRARME?

Darte de alta en La Voz de Galicia te permite comentar las noticias y debatir con el resto de los lectores. Regístrate, es fácil y gratuito.

¿Eres suscriptor de la edición impresa? Obtén muchas más ventajas...

Soy suscriptor de la edición impresa

REGÍSTRATE

Correo electrónico:

correo

Contraseña: (no recuerdo mi contraseña)

contraseña

Recordarme en este equipo

ENTRAR

¿POR QUÉ REGISTRARME?

Darte de alta en La Voz de Galicia te permite comentar las noticias y debatir con el resto de los lectores. Regístrate, es fácil y gratuito.

¿Eres suscriptor de la edición impresa? Obtén muchas más ventajas...

Soy suscriptor de la edición impresa

REGÍSTRATE

Últimos comentarios

Últimos comentarios

SÍGUENOS EN

FACEBOOK

TWITTER

GOOGLE + (https://plus.google.com/+LaVozdeGalicia)

APLICACIONES MÓVILES

ANDROID (HTTPS://PLAY.GOOGLE.COM/STORE/APPS/DETAILS?ID=ES.CORPORACION.LAVOZ&HL=ES)

IOS (HTTPS://ITUNES.APPLE.COM/ES/APP/LA-VOZ-DE-GALICIA/ID438886643)

SECCIONES

- Galicia (/galicia/)
- Opinión (/opinion/)
- Deportes (/deportes/)
- Economía (/economia/)
- Marítima (/maritima)
- España (/espana/)
- Internacional (/internacional/)
- Sociedad (/sociedad/)
- Cultura (/cultura/)
- Tecnología (/tecnologia/)
- Tendencias (/tendencias/)
- Agro (/agro/)

SUPLEMENTOS

- Extra Voz (/extravoz/)
- Yes (/yes/)
- Fugas (/fugas/)
- La Voz de la escuela (/lavozdelaescuela/)
- Mercados (/mercados/)

EDICIONES

- A Coruña (/coruna/)
- A Mariña (/amarina/)
- Arousa (/arousa/)
- Barbanza (/barbanza/)
- Carballo (/carballo/)
- Deza (/deza/)
- Ferrol (/ferrol/)
- Lemos (/lemos/)
- Lugo (/lugo/)
- Ourense (/ourense/)
- Pontevedra (/pontevedra/)
- Santiago (/santiago/)
- Vigo (/vigo/)

OTRAS WEBS

- Camino de Santiago (http://caminodesantiago.lavozdegalicia.com/)
- Global Galicia (http://www.globalgalicia.org/)

SERVICIOS

- El Tiempo (/tiempo/)
- Bolsa (http://lavozdegalicia.webfg.com/)
- Clasificaciones deportivas (/deportes/#sport_clasifi)

OTRAS WEBS DE LA CORPORACIÓN

- V Televisión (http://www.vtelevision.es/portada/index.htm)
- Voz Audiovisual (http://www.vozaudiovisual.es/)
- Radiovoz (http://www.radiovoz.com)
- Sondaxe (http://www.sondaxe.es/)
- CanalVoz (http://www.canalvoz.com/)
- Fundación SRFL (http://www.fundacionsantiagoreyfernandezlatorre.com/)
- Voz Natura (http://www.voznatura.com/home/index.php)
- Programa Prensa-Escuela (http://www.prensaescuela.es/web/home/home.php)
- Escuela de medios (http://www.escuelademedios.com/)

SUSCRIPTORES

- Regístrarse (https://miperfil.lavozdegalicia.es
- Página de usuario (https://miperfil.lavozdega
- Edición impresa en el iPad (https://itunes.app ipad/id443128091)
- Quiosco online de la Edición impresa (http://
- La Voz en Kiosko y Más (http://www.kioskoymas.com/index.php/publi
- Suscribirse al periódico (https://suscripcion.la

PUBLICIDAD

- Tarifas publicitarias (http://www.lavozdegalicia.es/estaticos/tarifas
- Oferplan (http://oferplan.lavozdegalicia.es)
- Contacto (mailto:publicidad@lavoz.es)

CONTACTO

- Contacto con redacción (mailto:webvoz@lav
- Cartas al director (mailto:cartasaldirector@la
- Envío de fotos (mailto:fotos@lavoz.es)
- Envío de vídeos (mailto:videos@lavoz.es)

Aviso Legal (/estaticos/AVISO_LEGAL.pdf) Política de privacidad (/estaticos/POLITICA_DE_PRIVACIDAD.pdf) Política de Cookies

Condiciones generales (/estaticos/CONDICIONES_GENERALES.pdf)

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (ESPAÑA) Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.